

ANUARIO



CURSO 2022-2023





Francisco Fernández del Riego

Francisco Fernández del Riego foi unha figura central da resistencia cultural do galeguismo durante o franquismo e catalizador de moitas iniciativas, institucións e empresas culturais que perseguían a recuperación do galego e a identidade cultural de Galicia naqueles tempo escuros.

A Real Academia Galega, no sesenta aniversario desta celebración, acorda dedicar a este intelectual, un dos artífices da iniciativa, o Día das Letras Galegas 2023. Grazas don Paco!

1º ESO A



Enriba: Brais, Alba Couceiro, Anasaray, Duarte, Darío, Christián Rodríguez, Gorka, Diego, Arkaitz, Adrián e Mateo Fraga
Embaixo: Telmo, Ana Mai, Mateo Anido, Julia, Sira, Daniel, Adriana, Icíá, Alba Prieto, Daniela e Christián Lojo

Cantiga

Neste amencer de pombas indecisas
conversarei coas fontes
onde beben pesares cristalinos
as sombras que se axitan pola noite.
Esa lúa de prata
atopou o tesouro
que eu perdera na auga.

No laio dos farois agonizantes
evocarei os nomes
que acenderon lucernas balbucintes
nas fragas mestas onde os medos dormen.
Esa lúa de prata
atopou o tesouro
que eu perdera na auga.

Neste tremor de chumbo e de diamante
serei luz que se esconde
no ardor aceso que xerou os días
ou na xerfa esfiañada en surtidores.

M^a Victoria Moreno, *Elexías de luz*, 2006



1º ESO B



Enriba: Izan, Saúl, Yoel, Ángela, Nicolás, Yago, Marcos, Lola, Rosalía e Carla
Embaixo: Laura, Sofía, Fernando, Iker, Candela, Nayara, Zoe, Mario e Paula

O arado

Labrado da miña mau
fixen, coa miña navalla,
un aradiño de pau...

Leva temón e chavella
e unha rella furadora
feita dunha lata vella!

Ten orelleiras; rabela
tan luída e rematada
que namora mirar para ela!

O meu arado é tan feito
que pode mesmo esfender
labradíos a barbeito...!

Teño que darlle estreno
ao meu arado arador,
ao meu arado pequeno...! (...)

Manuel María, *Os soños na gaiola*, 1972



1º ESO C



Enriba: Daniel Sar, Héctor, Daniel Maroñas, Carlota, Marco, Mateo, Noa Caamaño e María
Embaixo: Noa Castro, Candela, Alejandro, Alejandra, Ada, Nicolás, Manuel e Uxía



Vai polo monte o camiño

VAl polo monte o camiño
outeando como un louco
polos caborcos do val
i as poxas do taramouco.

Cruza solo a serra toda
sin levar outra compañía
que a gran presenza do ceo
sobre o silencio da braña.

Eu non sein pra onde vai
méntral' o quedo mirando.
Sólo sein que eilí se compre
o soño que estoun soñando...

Uxío Novoneyra, *Os Eidos. Libro do Courel*, 1981

2º ESO A



Enriba: Jairo, Luca, Icíá, Aldara, Claudia, Lucía Morlán, Nora, Uxía, Jorge, Xurxo e Hugo
Embaixo: Sara, Lucía Naya, Valentina, Valeria, June, Aitara, Lea, Óliver, Lucas, Roi e Valero.

PENÉLOPE

UN PASO adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
cheestrolla o sono mol como unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*, 1961



2º ESO B



Enriba: Elisa, Mateo, Juan, Saúl, Marco, Gabriel, Lucas, Eric, Laura Dios, Nuno e Laura Dios
Embaixo: Sabela Cordeiro, Carme, Leire, Susana, Eva, Raihana, Tyler, Xoel, Natalia e Bruno

Acción gallega (Hino)

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegá ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
á Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazosiñorial!

Ramón Cabanillas, *Vento mareiro*, 1915



2º ESO C



Arriba: Nerea, Antón, Óscar, Daniel, Carlos e Hugo
Abaixo: Claudia, Enma, Erik, Anxo, Mateo e Darío



Palpas os tempos.
Lambes as terras.
Trillas os días
e vas andando,
sin parar andando.
Coxeas no outono -meu arranque-.
Alóngaste no estío -miña morte-.
Á primaveira dáste,
dáste a todos que logo de ti se chaman.

Tolle o inverno o teu nome,
o teu nome -morno lume-,
o teu nome farto i esquecido,
esquecido
entre muros lentos,
entre pozas, terras-miñocas,
entre mundo de sapos
e calexas de lúa.


Farto!

María Mariño, *Verba que comenza*, 1990

3º ESO A



Enriba: Iago Calvete, Martín, Noa, Lucía, Iris, Mateo, Celtia, Ángel, Manuel e Diego Fraga
Embaixo: Carmen, Olivia, Thais, Candela, Hugo, Aldán, Gabriela, Yago Viñas, Diego Pena e Raquel.



As almas escravas,
De ideas non grandes,
Van pensando mil cousas femíneas,
Molentes e infames.

Mil soños forxando,
Que o ánimo agobian;
Arrastrando infamantes cadeas,
Cal brandos ilotas.

Espíritos brandos,
Espíritos muliebres;
Sedentarios, que lenta consume,
E mórbida febre.

Mais a alma do bardo,
Enérxica, ousada,
Que audaz libertade,
Tan só soña e ama;
Vai pensando en propósitos férreos,
Que ergueran a patria!

Eduardo Pondal, *Queixumes dos Pinos*, 1886

3º ESO B



Enriba: Naiara, Tomás, Xabi Roibás, Sergio Naya, Arón, Lucas, Xabier Tueros, Andrés, Marco, Miguel e Pablo
Embaixo: Sarah, Sergio del Río, Jovana, Daniela, Emma, Sara, Ainhoa, Alejandra, Nerea, Desirée e Xiana



Na enfermidade tan gastada das urxencias

cambio de rexistro e asisto
-abraiada e esplendidamente absorta-
a esta vosa visita ós restos.

Qué vísceras aínda quentes non lembran
acenos das vosas vidas,
qué pistas atrasadas na memoria.

Acócheme tralas túas pernas:
-Deixa madura-la soberbia.

Asisto asombrada ó teu desexo e
cedería o meu puñal pola túa furia.

Xela Arias, *Tigres coma cabalos*, 1990

3º ESO C



Enriba: Raúl, Daniel, Ubayd, Gael, Álvaro e Daniela
Embaixo: Estela, Carla Gómez, Ana, Lorea, Darío e Carla Aguiar

Digo Viet Nam e basta

Digo bomba de fósforo.
Apenas digo nada.

Digo lombriga e larva
de carne podrecida.

Digo nenos de napalm,
terror de noite e selva,
fedor de cidade e cloaca.

Fame, suor, aldraxe,
pugas de aceiro, antropofaxia.

Digo guerra bestial,
tremor de terra, crime, lume, lava,
estoupido, verdugo
e mortandade en masa.
Digo gas abafante. (...)

Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ao país dos ananos*, 1968



4º ESO A



Enriba: Nicolás, Edurne, Nerea, Chloé, Ana Díaz, Paula López, David, Jean, Emanuel, Raúl Dios, Antonio, Marco, Martina e Raúl Crespo.
Embaixo: Carla, Carolina, Carlota, Lía, Ana Bermúdez, Sara, Asier, Sofía, Silvia, Fabián, Adrián Rodríguez, Pedro, Adrián Varela, Paula Morandeira e Claudia.

A ROSALÍA

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unhaestrela,
no bico un cantar.

E vina tan sola
nanoite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teñoquen rece por min!

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...

Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unhaestrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

Curros Enríquez, *Obra completa III*, 1910



4º ESO B



Enriba: Pablo Rodríguez, Xoel, Eduardo, Raúl, David Viejo, Pablo Couceiro, David Fernández, Asier, Luca, Adahy, Diego e Sofía.
Embaixo: Teo, Inés, Gabriela, Malena, Celia, Xiana, Lucía, Marta, Emma, Uxía, Daniela, Candela e Elba.



Sedia-m'eu na ermida de San Simi3n
e cercaron-mi as ondas, que grandes son.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

Estando na ermida ant'o altar,
cercaron-mi as ondas grandes do mar.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

E cercaron-mi as ondas, que grandes son:
non hei i barqueiro, nen remador.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

E cercaron-mi as ondas do alto mar:
non hei i barqueiro, nen sei remar.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

Non hei i barqueiro, nen remador:
morrerei eu fremosa no mar maior.
Eu atendend'o meu amigo. E verr3?

Mendinho [B 852 / V 438]

1º BACH A



Enriba: Daniel Eiranova, Pablo, Adrián, Thiago, Nico, Sara, María, Juan, Kira, Mariña, Sofía, Andrés, Óscar, Daniel Carballo e Álvaro.
Embaixo: Martín, Jose, Carlos, Hugo, Gonzalo, Domingo, Iria, Paula, Irene, Iago González, Xiana, Iago Pérez, Dalia, Inés, Mauro e Lucía



O cartafol do vento

O VENTO perdeu as follas
do seu cartafol

-esas que os chuvascos
mecnógrafos
teclean no manual dos mastros?

As gavotas non teñen quitasol
pero fanraudos equilibrios
polo aramio transparente
de tódalas ortodrómicas do ceo

O pailebotesen velas
-Seránesas que o vento
levou no seu cartafol?
taménfai equilibrios no ronsel

Coa boca aberta
-caille a baba-
está mirándonos o babión do Sol.


Manuel Antonio, *De catro a catro*, 1928

1º BACH B



Enriba: Alejandro, Hugo Fernández, Anxo, Javi, Carolina, Carla, Carlos, Jair, Diego, Carlota e Gabriel
Embaixo: Iván, Iago, Hodei, Ángel, Hugo Varela, Ashley, Inés, Iyana, Alba, Daniela e Irene

A XUSTIZA POLA MAN



Aqués que tén fama d' honrados na vila
roubáronme tanta brancura qu' eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en dond' eu vivira;
sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos... ¡meus anxos!... que tant' eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!
Quedei deshonorada, mucháronm' a vida,
fixéronm' un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

—Salvádeme ¡ouh, xueces!, berrei... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendeum' a xusticia.

Rosalía de Castro, *Follas novas*, 1880

1º BACH C



Enriba: Rubén Ponte, Rubén Veira, Lucas, Martín Suárez, Pablo, Rubén Mella, Marina, Zaira, Pelayo,
María Bermúdez e Zaida
Embaixo: Martín Doldán, Mateo, Julia, Jimena, Sara, Nerea, Iria, Area, María Fariña, Marta, Jesús e Raúl

Un ollo de vidro

A morte non me arrepiá e o mal que desexo ao meu inimigo é que viva até sobrevivirse.

Eu son dos que apertan a cara para apalpar a propia caveira e non fluxo dos cemiterios endexamais.

Tanto é así que teño un amigo enterrador nun cemiterio de cidade. Este meu amigo non é, de certo, amigo meu; é soamente un obxecto de experiencia, un coelliño de Indias. Un enterrador sabe sempre moitas cousas e cóntaas con humorismo. Un enterrador de cidade que ispe e descalza os mortos para surtir as tendas de roupa vella, ten de ser home que lle cómpre a un humorista. Un enterrador que saca boa soldada co ouro dos dentes das caveiras tiña de ser meu amigo.

Este enterrador tense por home de ben e cóntame cousas tráxicas que fan rir e cóntame cousas de rir que arrepián, e coas sorpresas da súa conversa foxen as horas sen decatarme.

Castelao, *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, 1922



2º BACH A



Enriba: Nicolás Riveira, Nicolás de Souza, Nicolás Guitián, Óscar Caínzos, Noel, Náser, Óscar Pardavila,
Fabián Barbeito, Icía, Elena, Hugo e Antía
Embaixo: Julián, Diego, Lois, Adriana, Aitana, Amara, Paula, Xiana, Lucía, María, Noa, Martín, Estrella e
Fabián Martínez

No niño novo do vento

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en fruta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Cunqueiro, *Cantiga nova que se chama ribeira*, 1933



2º BACH B



Enriba: Sergio, Brais, Darío, Héctor, Adrián, Evan, Laura Castrillón, Paula, Lucía Rodríguez, Omar, Jacobo e Francisco
Embaixo: Iria, Claudia, Emma, María, Amanda, Alba, Lola, Laura Pena, Nuria Castro, Natalia, Martín, Diego, Lucía Barbeito, Candela e Nuria Gómez

COUSAS DAS SERRAS

Con arruda esfrega a «Lastra»
o ventre das súas ladeiras,
ten unha enchenta de inverno
e ceiba arrotos de brétema.

«Montouto», vello petrucio,
ten un proído dos diaños,
róienlle as brillas as crabas
cal se foran carrapaxos.

Aos espantallos das nubens
«PíaPáxaro», sen medo,
peteira os graus das estrelas
antre as searas do ceo.

A testa de «Manzaneda»
fuma o tabaco das bouzas,
e ata o ceo bota chamás
e fume pola cachopa. (...)

Delgado Gurriarán, *Bebedeira*, 1934



2º BACH C



Enriba: Aroa, Pablo, Uxía Rivas, Alba Reboredo, Inés, Rocío, Lucas, Juan, Diana, Alba Fidalgo, Raquel e Diego
Embaixo: Uxía Concheiro, Daniela, Candela Barrientos, Paula, Patricia, Candela Rodríguez, Moraima, Zaira, Yeray, Noa, Alicia, Claudia, Martín e Daniel

Toda humilde beleza...

Vago xirón de brétema, atavío
soberbio de irtaxesta, reidora,
fulgurante doíña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora);

raiola de luar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora.

É unvermiño de luz o amigo caro
do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorabledunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela.

Noriega Varela, *Do ermo*, 1920



PROFESORADO



Enriba: Antonio, Iván, José Luis, Jennifer, Juan Antonio, José María, Ángela, José Ángel, Carmen, Charlotte, José Manuel, Carlos e Marta Rúa.
Embaixo: César, Inma, Aniana, Silvia Fernández, Esther, Rocío, Beatriz, Silvia Roo, Ruth, Irene, Marta Mosquera, María José, Elena, Lola, Marta García e Luis



“O galego resulta ser a expresión máis completa e definidora de cantos o falaron e o falan; pois que vén ser o resultado dunha experiencia colectiva multiseccular. Non se trata da expresión de grupos minoritarios, senón de algo elaborado a través do tempo en todas as camadas sociais. Non hai dúbida de que a existencia de Galicia como pobo se manifesta na existencia de Galicia como cultura peculiar. O ser de Galicia depende, pois, da súa pervivencia como cultura. [...] De todos os elementos nos que unha cultura se finca, o idioma é o máis radical e representativo. Porque o idioma, ademais de ser o que identifica a todos os integrantes dun pobo como unidade cultural xenuína, é tamén, pola mesma razón, o que a distingue de todas as demais.”

Fernández del Riego, *Sinais dunha cultura*, 2003



Certame literario Xoán Díaz



Correlingua 2023





Intercambio Penafiel



Os maios